- *Programación das actividades*  
<http://www.usc.es/etse/gl/category/7/10418/10497>

Os horarios, tanto de teoría como de prácticas, aparecen na súa integridade para tódolos cursos na web da ETSE. Publícanse sistematicamente tódolos anos a finais do curso precedente, e mantéñense actualizados ante calquera cambio ou axuste que faga falla realizar ó longo do curso. Mantense unha franxa horaria común ó estudantado para actividades do centro xerais ou específicas.

- *Mecanismos de coordinación*  
<http://www.usc.es/etse/calidade>

Os mecanismos de coordinación docente, tanto horizontal como vertical, están plenamente activos, con reunións ó inicio e peche de semestre entre os docentes de cada curso e semestre, e con reunións ó longo do ano do coordinador de título cos coordinadores de curso, ademais de reunións periódicas da Comisión do Título (actas arquivadas pola Unidade de Apoio á Xestión do Centro). Estes mecanismos encóntranse descritos no SGIC da ETSE. Asemade, existen as figuras de Delegado e Subdelegado de Curso, que se elixen cada ano democraticamente entre o alumnado de cadanseu curso. Promóvese a súa participación nas diferentes comisións do centro, e realízanse reunións destes representantes de curso co Coordinador de Título con periodicidade, para analizar o desenvolvemento do curso desde a súa perspectiva.

Existe tamén unha relación fluída, con reunións periódicas e intercambio oportuno de información, entre a Dirección do Centro e a Coordinación do Título (o coordinador toma parte nas reunións da equipa de dirección do Centro).

- *TFG*  
<http://www.usc.es/etse/gl/category/7/10418/10545>

Ao longo do curso 2013-2014 puxose en marcha todos os mecanismos directamente relacionados co TFG co ánimo de atinxir as capacidades e competencias asociadas ao mesmo tal e como se sinalou en informes de seguimentos previos.

- i. Regulamento do TFG específico para a titulación do Grao en Enxeñaría Química
- ii. Creación da Comisión de TFG. Entre a súas diferentes funcións esta a de garantir que as propostas de TFG cumpren os requisitos necesarios
- iii. Creación dun repositorio específico no Campus Virtual para os TFG no que a Comisión sube información e documentos modelos sobre os seus diferentes apartados.
- iv. Protocolo de titorización. Defínese a misión e papel do titor, así como a programación do seguimento das titorías
- v. Informe modelo de titorización onde se indican as competencias das que o alumnado vai ser avaliado.
- vi. Preguntas frecuentes (actualízase coas dúbidas que a Comisión de Proxectos recibe por parte dos alumnos.

- *Prácticas en empresa*  
<http://www.usc.es/etse/practicasesempresas>

As prácticas en empresa veñense favorecidas pola propia estrutura do título, dado que se incorporan dentro da materia obrigatorio Aula Profesional (6 ECTS) que pode ser feita ao longo dos catro anos da titulación. Así, o número total de alumnos do grao que realizaron prácticas en empresa foi 56, que permite obter un indicador de 71,68%.



- *Mobilidade do estudiantado*  
<http://www.usc.es/etse/mobilidade>

A información de mobilidade para os estudantes do título encóntrase dispoñible na web da ETSE. Os datos non son bós, de feito xa o valor baixo no curso 2012-2013 (1,3%) baixou aínda máis a un valor de 1,07%). A explicación deste feito radica en que no Grao a mobilidade do TFG non se ve favorecida (a mobilidade para a titulación de Enxeñaría Química pre-bolonia debíase en gran medida ao PFC -80%-) xa que a súa temática ten que ser de deseño (requisito acreditación ANECA e IChemE). Polo tanto, imos ter que: (i) potenciar que o alumnado se anime a cursar materias e (ii) subscribir convenios de mobilidade que integren o TFG.

- *Satisfacción do PDI e do Alumnado*

A satisfacción do alumnado mantense practicamente constante (arredor de 3,5), valor que debe mellorarse para que atinxa un nivel similar ao resto de indicadores (o valor medio na USC é de 3,78). Eso sí, a satisfacción do profesorado subiu dos 2,82 (curso 2012-2013) á 3,60 (curso 2013-2014), valor moito máis próximo aos 3,76 puntos que se acadan como promedio na USC.

#### *Resultados das enquisas do alumnado*

Curso	Participación	GrEQ	Rama Enxeñaría	USC
2011-2012	69,05%	3,54	3,59	3,70
2012-2013	66,67%	3,48	3,60	3,70
2013-2014	57,58%	3,54	3,65	3,78

## **BOAS PRÁCTICAS**

- *Preguntas frecuentes no TFG*  
[http://www.usc.es/etse/files/u1/Preguntasfrecuentes\\_GrEQ20140619.pdf](http://www.usc.es/etse/files/u1/Preguntasfrecuentes_GrEQ20140619.pdf)

Elabórese un documento con preguntas frecuentes en relación ao TFG coas dúbidas recorrentes que se presentaban en relación a aplicación do regulamento do TFG.

- *Guía para os profesores da ETSE*  
<http://www.usc.es/etse/files/u1/RecomendacionsGuiasDocentesMaio2014.pdf>

Guías para profesores da ETSE nas que se lles da recomendación sobre a elaboración de Guías Docentes, elemento básico na planificación da ensinanza

- *Docencia en materias en inglés*  
[http://www.usc.es/etse/files/u1/Preguntasfrecuentes\\_GrEQ20140619.pdf](http://www.usc.es/etse/files/u1/Preguntasfrecuentes_GrEQ20140619.pdf)

Co obxectivo de potenciar a competencia lingüística dos alumnos/as ao longo de diversos semestres teñense implementado diversas materias obrigatorias e optativas con docencia en inglés.

- *Repercusión directa dos resultados da enquisas do alumnado na solicitude dos Quiquenios de Docencia*

A ETSE ten un mecanismo para as todas as súas titulacións onde os informes para a solicitude dos Quiquenios de Docencia teñen que ter en conta de forma directa o resultado de satisfacción do alumnado. O resultado pode ser: Desfavorable, Favorable e Moi Favorable.



#### **PROPOSTAS DE MELLORA:**

- Publicar as actas da Comisión de Titulación e da Comisión de Proxectos na web. Para cumprir coa lei de protección de datos, nesta difusión eliminarase referencias nominativas.
- Formentar a integración dos coordinadores de curso nas reunión da Comisión da Titulación. Se non son membros natos, a súa participación farase mediante a súa convocatoria con voz pero sen voto.
- Atinxir unha maior sistematización na recollida de información do alumnado de programas de intercambio, que facilite unha “guía” o máis actualizada posible das cidades e universidades de destino
- Promover acordos de mobilidade no ámbito do TFG.
- Analizar pormenorizadamente os resultados da enquisa de satisfacción do alumnado en cada curso e semestre para tratar de identificar os puntos “mellorables” na satisfacción do alumnado. Asemade, cando o profesor/a acadase unha puntuación inferior a 1,0 puntos en relación ao promedio do curso/semestre deberá enviar un informe a Comisión de Titulación coa descrición das accións destinaadas a mellorar os resultados acadados

#### **BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:**

- A difusión das actas da Comisión dará unha maior visibilidade ás accións de coordinación.
- E necesario simplificar e incrementar a produtividade nas accións de coordinación, polo que é fundamental que os coordinadores de cursos poidan asistir as reunión de coordinación.
- O dispor dunha información cada vez máis ampla das universidade acollidas ao programa de intercambio, así como que sexan as propias experiencias do alumnado de intercambio neste países facilitaría enormemente tanto ao alumnado como ao PDI os mecanismos de transmisión da información
- Os resultados das enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación non están no mesmo nivel que o resto de indicadores da titulación, polo que compre tomar aquelas accións (en primeira instancia polo profesor/a encargado da materia) para acadar unha mellora no indicador IN46G-S01-PM-01



### 3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

#### 6. Recursos humanos

Valorarase o criterio de "Persoal académico" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.

#### Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
---------------	---	------------	---	--------------	---	------------------------	---

#### Indicadores relevantes:

IN24G-PS-01	Porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total con docencia no título: 80
IN25G-PS-01	Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total: 94
IN26G-PS-01	Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total: 68
IN30G-PS-01	Ratio de estudantes por profesor a tempo completo: 5,83
IN31G-PS-01	Media de alumnos por grupo de teoría: 54,66
IN32G-PS-01	Media de alumnos por grupo de docencia interactiva: 27,65
IN46G-S01-PM-01	Satisfacción do alumnado coa docencia recibida: 3,54
IN47G-S01-PM-01	Satisfacción do profesorado coa docencia impartida: 3,60

#### Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:

- *Persoal Docente Investigador*

O número de profesores segue a ser suficiente para a impartición do Grao. En canto o Departamento de Enxeñaría Química (área con maior carga docente no Grao) téntase atinxir un equilibrio entre as xubilacións e a incorporación de novo profesorado procedente dos programas competitivos, como o Ramón y Cajal, grazas a elevada carga docente e actividade investigadora. Agora ben, nos vindeiros anos compre facer un esforzo a súa vez para consolidar as figuras de Profesor Interino de Sustitución (PIS) en Contratado Doutor e Profesor Titular, co que deste xeito remontarase o indicador IN26G-PS01.

A mobilidade de profesorado é moi complexa nas circunstancias actuais, e só unha boa dose de ilusión pode superar as importantes barreiras internas e externas. As barreiras internas fan referencia a dificultade de cubrir a carga docente e investigadora (ambas son elevadas no PDI do Dpto de Enxeñaría Química) sen poder optar a figura dun profesor sustituto. Por exemplo, nos últimos 25 anos non tivemos sabático na Área de Enxeñaría Química pois non tiñamos a capacidade para cubrir as 240 h de carga docente. As barreiras externas fan referencia o custe da mobilidade, para a cal as axudas menguaron de forma drástica. Aínda tendo en conta este marco tan restrictivo, no curso 2013-2014 fixéronse as seguintes estadías:

- Prof. Jose Luis Campos. Dpto. de Enxeñaría Ambiental da Universidade Católica de Valparaíso (Setembro-Novembro 2013)
- Prof. Gumersindo Feijoo. Dpto. de Enxeñaría Química e Ambiental da Universidade de Arizona (Agosto-Setembro 2014)
- Profa. María Teresa Moreira Vilar. Dpto. de Enxeñaría Química e Ambiental da Universidade de Arizona (Agosto-Setembro 2014)

- *Personal de Administración e Servizos*

O persoal de Administración e Servizos é, en principio, tamén suficiente para garantir o correcto funcionamento dos servizos (centro, aulas de informática, biblioteca, secretaría de centro); aínda que se bota en falta un maior grao de recursos humanos para atender as numerosas aulas de informática xestionadas polo Centro.


- *Investigación*

O binomio docencia-investigación é fundamental, xa que ambos son os pivotes fundamentais sobre os que se basa o desenvolvemento da universidade. A porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total con docencia no título é do 80%, que supera amplamente o nivel promedio na USC (59,66%). Estes datos tamén se confirman coa evolución doutros índices que fan referencia a investigación actual:

- I. Evolución da Producción científica

<http://www.usc.es/enxqu/?q=taxonomy/term/27>

A USC outorga anualmente a produción científica (en función de diversos ítems, tesis, artigos, patentes, etc.). Os datos do Dpto. manteñen un incremento constante nos últimos 7 anos. Para período 2009-2012 os puntos/PDI é de 32,26, notoriamente superior ao promedio da USC para o mesmo período que se sitúa en 13,46.



- II. Índice H.

<http://www.usc.es/enxqu/?q=taxonomy/term/46>

O índice H do Departamento de Enxeñaría Química no período 1988-2014 é 61 que o coloca no 2º posto entre os departamentos das universidades españolas no área de Enxeñaría Química.

- *Satisfacción do alumnado*

A media do alumnado por grupo de teoría e por grupo de interactivo sitúanse:

- Curso 2012-2013: 48,8 e 16,4, respectivamente
- Curso 2013-2014: 54,66 e 27,65, respectivamente

Considéranse valores axeitados e aceptables para un correcto desenvolvemento da docencia do Título, aínda que se a taxa de reposición sigue manténdose nos niveis ínfimos actuais é obvio que estes indicadores vanse resentir.

## BOAS PRÁCTICAS

- *Premios Leonardo á Docencia e Investigación*

<http://www.usc.es/etse/gl/category/3/23/10344>

A ETSE destaca o bó facer do seu PDI mediante os Premios Leonardo á Docencia e á Investigación (o

natalicio de Leonardo da Vinci é o día da ETSE, por votación da súa comunidade). Os Premios Leonardo á Docencia outórganse aos tres mellores profesores de cada titulación en función das enquisas de satisfacción do alumnado. Os Premios Leonardo á Investigación (foron os últimos en instaurarse, curso 2013-2014) destacan os tres mellores profesores de cada un dos departamentos adscritos á ETSE (Enxeñaría Química e Electrónica e Computación) en función da mellor puntuación da súa produción científica (teses, artigos, libros, capítulos e libros, congresos con ISBN, patentes e solicitudes de proxectos).

- *Programación propia de Cursos de Innovación Docente*

O Dpto de Enxeñaría Química mantén un programa anual de cursos de innovación docente adicional/integrado no Programa de Formación e Innovación Docente da USC.


- ✓ Innovación docente en Ingeniería Química: aplicación del Excel en las clases interactivas (8 h). Julio de 2010.
- ✓ Taller sobre Organizaciones Eficaces (15 h). Febrero de 2011.
- ✓ Integración dos aspectos de seguridade e riscos laborais na docencia e na investigación (15 h). Julio de 2011.
- ✓ Curso de nivel básico de prevención de riscos laborais (50 h). Junio-Julio de 2011.
- ✓ Desarrollo de competencias de influencias y negociación (12 h). Enero de 2014

- *Redes sociais*

@etse\_USC e @EnxQuim\_USC

No curso 2013-2014 púxose en marcha dúas contas en Twitter, unha da Escola e outra do Dpto de Enxeñaría Química, adicadas a trasladar información a comunidade ETSE:

- @etse\_USC: informa sobre os procesos administrativos relativos ás planificacións das ensinanzas e dos hitos máis relevantes nas actividades da Escola.
- @EnxQuim\_USC: informa sobre tres aspectos:
  - Becas e ofertas de traballo
  - Actividades de investigación (artigos, patentes, congresos, reunión de proxectos de investigación...) realizados polo PDI do Departamento de Enxeñaría Química
  - Novas relevantes de organismos ou institucións nacionais ou extranxeiros no eido da Enxeñaría Química.





Escola Técnica  
Superior de  
Enxeñaría

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

**BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:**



### 3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

#### 7. Recursos materiais e servizos

Valorarase o criterio de "Recursos materiais e servizos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.

#### Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

<b>Satisfactoria</b>	<b>A</b>	<b>Suficiente</b>	<b>B</b>	<b>Insuficiente</b>	<b>C</b>	<b>Ausencia de evidencias</b>	<b>D</b>
----------------------	----------	-------------------	----------	---------------------	----------	-------------------------------	----------

#### Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:

- *Infraestructuras*

Cicáis sexa un dos puntos máis fortes da ETSE, pois as súas instalacións deseñáronse principalmente para albergar as titulacións no eido da Enxeñaría Química, proba do cal é a disposición dunha "Instalación Piloto" onde o alumnado aborda os contidos prácticos con unidades industriais. Asemade, co gallo da implementación do EEES creáronse zonas e aulas para o traballo interactivo que complementan as aulas para as clases de teoría e seminarios. Estes espazos poden reservarse mediante diferentes mecanismos, dependendo do espazo en particular: comunicación na conserxería, reserva en liña, anotación directa en folia de rexistro, etc. Compre destacar o esforzo anual de renovación dos equipos das aulas informáticas, así como a renovación de 7 cañóns de proxección (06/09/14) das aulas de teorías e seminarios logo das suxestións que o profesorado e alumnado da ETSE fixo no curso 2013-2014.

Un tema que preocupa entre o PDI é a financiación económica tan escasa que ten na actualidade a USC e a súa repercusión non tan só na posto en marcha de novas iniciativas senon xa do propio mantemento das infraestructuras das que se dispón actualmente. Neste senso, temos en marcha a procura de patrocinios externos tanto dende a ETSE como do Departamento de Enxeñaría Química. Así, na actualidade CETAQUA colabora co Departamento (6.000 € no ano 2013) cuxo patrocinio adícase na súa maior parte a material funxible e reparacións das prácticas do Grao e o Máster. Outra das accións co Comité Externo será o "micro-funding".

- *Servizos*

a. A biblioteca da ETSE posúe unha boa oferta de libros (presenciais) que se complementa co servizo on-lin da BUSC que permite a comunidade ETSE consultar e solicitar calquera outro libro do seu catálogo, de xeito que nun prazo nun superior a 48 h pode recollese nas dependencias da biblioteca. Asemade, a biblioteca introduce as novidades na rede social "Pinterest" (<http://es.pinterest.com/buscetse/>) que a súa vez é comunicada vía Twitter. Cada ano, cos poucos recursos dos que se dispón, faise un compra priorizada de libros en función das guías docentes e peticións do PDI e do alumnado.

b. A oficina de mobilidade permite unha información e tramitación centralizada dos asuntos relativa aos programas de mobilidade, coa publicación de guías específicas de procedemento para o alumnado (<http://www.usc.es/etse/mobilidade>). Un aspecto no que se debe profundizar é na recollida de información do alumnado que remata o proceso de mobilidade en cada curso, pois permite unha actualización de datos como dispoñibilidade de residencias universitarias, custe do transporte..., parámetros moi útiles ao iniciar unha estadía.





- c. Un aspecto que demanda a comunidade ETSE é unha priorización na resolución das incidencias “informáticas” por parte da área TIC, xa que o emprego de softwares en diversas materias do Grao fai que se necesita dunha persoa, alómenos a tempo parcial, para a xestión das aulas de informáticas onde se imparten un bó número de clases interactivas. A tal efecto, estase a por en marcha un protocolo coordinado entre a Dirección da Escola e a Area TIC para tratar de subsanar estes problemas e optimizar o servizo.
- d. Estes servizos internos complementáanse cos servizos que outras entidades dan ao noso alumnado, pois a ETSE lles facilita locais para que teñan a súa sede dentro da propia Escola: (i) Enxeñeiros sen Fronteiras; (ii) Colexio de Enxeñeiros e Enxeñeiras Químicos de Galicia; (iii) Asociación de estudantes da ISA (International Stándar Automatization)

- **Certificación OHSAS 18001**

A ETSE é o único centro docente e investigador no SUG que posúe a certificación OHSAS 18.001, cuxa renovación atinxiuse no curso 2013-2014, adicada ao tema de seguridade e prevencións de riscos laborais, que permite introducir na comunidade ETSE unha cultura da seguridade moi importante para os futuros egresados do Grao en Enxeñaría Química.

#### **BOAS PRÁCTICAS**

- *Paneis dixitais de información*

Por toda a Escola están dispostos paneis de información, cuxa xestión faise dende o ordenador de conserxería, nos que se poden visualizar información sobre os servizos e actividades da ETSE.

- *Zonas de Traballo*

Ao longo da ETSE existen diversas zonas con mesas de traballo, para facilitar o desenvolvemento de traballo autónomo e/ou grupo por parte do estudiantado.

- *Servizo de préstamo de material informático*

Servizo de préstamo de discos duros portables ós estudantes

- *Esforzo na procura de Patrocinios*

Adicación a procura de patrocinios

- *Certificación OHSAS 18001*

Cultura sobre a seguridade e prevención de riscos laborais en toda a comunidade ETSE

#### **PROPOSTAS DE MELLORA:**

#### **BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:**

### 3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

#### 8. Resultados previstos

Valorarase o criterio de “Resultados previstos” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de “Análise e utilización dos resultados para a mellora dos programas formativos e “Publicación da información e rendición de contas sobre os programas formativos” do Programa FIDES-AUDIT.

#### Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio


Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
---------------	---	------------	---	--------------	---	------------------------	---

#### Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:

As taxas obtidas no Grao cumpren cos obxectivos da memoria (<http://www.usc.es/etse/gl/category/7/10418/10485>), pero é necesario ter mecanismos ou indicadores adiantados en cada cohorte que nos permitan actuar dun curso para outro de forma eficaz ante calquera situación anómala de funcionamento. A tal efecto propónse unha proposta de mellora na definición da “Taxa de Acumulación”


- Taxa de rendemento

A taxa de rendemento mantén a tendencia lixeiramente ascendente que se puido observar nos cursos anteriores.




- Taxa de éxito

Ao igual que ocorre coa taxa de rendemento, este indicador sigue coa súa tendencia ascendente.



- Taxa de avaliación

A taxa de avaliación mantén un valor constante arredor do 88%.




- Taxa de graduación

O valor de referencia na memoria do título é do 40%, sendo para este curso 2013-2014 (o primeiro onde se pode estimar) de 53,3% (esta dado foi calculado pola Comisión de Titulación tendo en conta que 32 alumnos presentaron o TFG e, por ende, se titularon). Este dato debe ser mellorado notablemente, a tal efecto a acción de mellora para definir a taxa de acumulación poderemos detectar a tempo calquera problema específico nunha materia e que poida afectar drasticamente a unha cohorte.

- Taxa de abandono

O valor de referencia na memoria do título é do 10%. O valor no curso 2013-2014 diminuíu de forma clara, atinxíndose un valor de 1,75%.



- Duración media dos estudos

O sistema indica un valor de 4 anos, mais parece que este dato non se puido calcular e o sistema dou por defecto este valor de referencia, xa que non concorda cos nosos cálculos da taxa de graduación.

- Eficiencia dos titulados

O valor de referencia na memoria do título é do 90%, sendo para este curso 2013-2014 (o primeiro onde se pode estimar) de 98,14%

### BOAS PRÁCTICAS

- Premios aos mellores TFG e mellores expedientes académicos nos actos do Día da Escola (15 de abril, que corresponde ao natalicio de Leonardo da Vinci).
- Elaboración da memoria da titulación, que analiza con información complementaria os resultados académicos e o perfil do alumnado da titulación

**PROPOSTAS DE MELLORA:**


- Definición dun indicador adiantado "Taxa de Acumulación"

O indicador define a "acumulación" de alumnos matriculados en cada materia. Este indicador permite definir os niveis de alerta (amarelo e vermello) en función de que se superen dúas porcentaxes en relación á media dos alumnos de 1ª matrícula no semestre onde se atopa encaixada cada materia.

TAXA DE ACUMULACIÓN		
GRAO EN ENXEÑARÍA QUÍMICA		
Código		
	No promedio do número de alumnos do curso	
	O número é superior nun 30	% promedio do curso
	O número é superior nun 60	% promedio do curso

- Si a porcentaxe supera o 30% solicitaríase ao profesor un informe sobre as posibles causas desa desviación e que accións propón para a súa corrección.
- Si a porcentaxe supera o 60% solicitaríase ao profesor un informe sobre as posibles causas desa desviación e a Comisión de emitiría tamén un informe sobre ás accións necesarias, refrendadas logo polo Consello, que compre levar a cabo para reducir ese indicador.

**BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:**



- Este indicador permitiría identificar e resolver tres tipos de problemas para cada materia de forma específica:
  - Excesivos contidos co que compre facer unha redefinición da súa guía docente
  - A carga do semestre é elevada e, polo tanto, hai que reordenar as materias na programación temporal
  - O profesor/a da materia non se adapta aos estándares do título, polo que compre unha renovación do enfoque da materia recomendando ao Dpto. correspondente que asigne outro profesor/a



3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
9. Sistema de garantía da calidade							
<i>Valorarase o criterio de "Sistema de garantía de calidade" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e o Sistema de Garantía da Calidade (SGC) do Centro.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
<b>Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:</b>							
<p>O sistema de garantía de calidade de aplicación na titulación de Grao en Enxeñaría Química segue as liñas xerais marcadas polo sistema de garantía interna de calidade (SGIC) da USC. A ETSE dispón dun Sistema de Garantía de Calidade para facer o seguimento correspondente (<a href="http://www.usc.es/etse/calidade">http://www.usc.es/etse/calidade</a>), no que participa a equipa de dirección do Centro, a Comisión de Calidade do Centro e o Responsable de Calidade do Centro, así como o Coordinador do Título. Nesta ligazón tamén se pode descargar o Manual Simplificado do SGIC da ETSE (<a href="http://www.usc.es/etse/files/u1/ManualsimplificadoSGIC_ETSE_v02.pdf">http://www.usc.es/etse/files/u1/ManualsimplificadoSGIC_ETSE_v02.pdf</a>).</p> <p>Na páxina web da Escola (dende o curso 2013-2014) existe un apartado no menu principal adicado a calidade onde se estan a recoller as evidencias necesarias para a aplicación ou derivadas do SGIC.</p> <p>O sistema de queixas/reclamacións contempla tres vieiros:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Secretaría administrativa da Escola. Son as denominadas queixas oficiais. Ás mesmas son enviadas aos órganos da ETSE ou da USC que teñan a competencia sobre as mesmas.</li><li>- Correo electrónico. Chegan directamente ao Director da Escola que ás tramita perante os órganos da ETSE correspondentes, respondéndolle, por vía electrónica, aos solicitantes</li><li>- Buzón de suxestión (anónimas). Das 9 que se presentaron no curso 2013-2014, dúas facían referencia ao Grao en Enxeñaría Química, concretamente sobre o número importante de cadeiras das aulas que estaban rotas. Con data 30/09/14 foron subsanadas e, polo tanto, pechada a incidencia.</li></ul>							
<b>BOAS PRÁCTICAS</b>							
<ul style="list-style-type: none"><li>• Elaboración dun Plan de Seguridade da ETSE: <a href="http://www.usc.es/etse/gl/category/3/10590/10606">http://www.usc.es/etse/gl/category/3/10590/10606</a></li><li>• Aposta pola acreditación internacional definida polo Institution of Chemical Engineers (IChemE), referente da profesión de Enxeñeiro Químico a nivel mundial (<a href="http://www.icheme.org/about_us.aspx">http://www.icheme.org/about_us.aspx</a>).</li></ul>							
<b>PROPOSTAS DE MELLORA:</b>							
<b>BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:</b>							



3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
10. Calendario de implantación							
<i>Valorarase o criterio de "Calendario de implantación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007).</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
<b>Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:</b>  Xa temos alcanzado o estado estacionario dado que no curso 2013-2014 rematou a primeira promoción do Grao en Enxeñaría Química cuxo acceso fíxose no ano 2010-2011, curso no que se comezo a implantación do Grao							
<b>BOAS PRÁCTICAS</b>							
<b>PROPOSTAS DE MELLORA:</b>							
<b>BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:</b>							



**4. ACCIÓNS LEVADAS A CABO ANTE AS RECOMENDACIÓNS ESTABLECIDAS NO INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN, DE MODIFICACIÓNS AUTORIZADAS E NOS SUCESIVOS INFORMES DE SEGUIMIENTO**

**INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN**

Recomendacións establecidas no informe final	Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)

**INFORME FINAL DE MODIFICACIÓNS AUTORIZADAS**

Recomendacións establecidas no informe final	Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)
<p>Recomendación do informe final de modificación do 18/12/2012</p> <p><i>"En la última memoria del título se establece que el curso de adaptación consta de 57 créditos. Se recomienda que se desarrolle dicho curso con un total de 60 ECTS. Esto será de especial revisión durante el seguimiento del título"</i></p>	<p>Ao longo do curso 2013-2014 leváronse a cabo os trámites necesarios na USC que culminaron na aprobación polo Consello de Goberno (27/07/14) e o Consello Social (30/06/14) da modificación do título para definir un curso de adaptación de 60 ECTS.</p> <p>A Secretaría Xeral de Universidades (08/10/14) remitiu un escrito a Vicerreitoría da Oferta Docente e Innovación Educativa no que se <i>"informaba favorablemente o envío a verificación da proposta de modificación do plan de estudos do Grao en Enxeñaría Química por adaptarse ás recomendacións dos informes de seguimento da ACSUG"</i></p>

**INFORMES DE SEGUIMIENTO**

Recomendacións establecidas no informe de seguimento	Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)
<p>Informe seguimento: 2012-2013</p> <p>Acción AM2013-01</p> <p><i>"Consecución de la acreditación internacional del título de Grado en Ingeniería Química para el año 2014"</i></p>	<p>Segue aberta. En xuño de 2014 xa se comenzou coa fase de recollida de evidencias para esta acreditación: exames representativos (high, average and low mark) de cada materia e a súa dixitalización. Asemade, é necesario que existan dúas promocións rematas para poder solicitar a acreditación. Isto terá lugar ao remate do curso 2014-2015. Data estimada de envío de toda a documentación a IChemE: 30/07/14</p>
<p>Informe seguimento: 2012-2013</p> <p>Acción AM2013-02</p> <p><i>"Exploración dun Plan Estratéxico para a realización de visitas técnicas a empresas"</i></p>	<p>Segue aberta. Antes de finais de 2014 terase lista unha programación de visitas para cada curso académico e a súa implementación dos horarios dos mesmos.</p>
<p>Informe seguimento: 2012-2013</p> <p>Acción AM2013-03</p> <p><i>"Plan Integral para unha docencia mejorada de HYSIS a lo largo del plan de estudios"</i></p>	<p>Segue aberta. O uso do Hysis e doutros softwares esta en pleno análise (01/09/30), para determinar o grao de extensión dos mesmos nas materias. A partir deste informe valorase si cumprimos cos necesidades do título ou ben será necesario incrementar o modificar o uso dos mesmos. Data estimada 30/01/15</p>
<p>Informe seguimento: 2012-2013</p> <p>Acción AM2013-04</p> <p><i>"Mejora de los horarios de teoría y prácticas del título para el curso 2014-2015"</i></p>	<p>Esta acción pechouse satisfactoriamente o 30/06/14. Tanto a Xestora do Centro como a Secretaría do Centro fixeron unha reorganización dos horarios con especial atención ao curso de adaptación onde se focalizaban a maior parte das queixas. A solución foi definir uns horarios ad-hoc para cada un dos alumnos/as do curso de adaptación (houbo 4), así como definir grupos de POD (fora de PDA) adicionais que nos permitisen ter maior grupos de laboratorio e, por ende, minimizar os problemas de incompatibilidades.</p>
<p>Informe seguimento: 2012-2013</p> <p>Acción AM2013-05</p>	<p>Acción pechada. Fíxose, tanto nas Xunta de Escola como no Consello de Dpto. de Enxeñaría Química, unha concienciación sobre a necesidade de pechar ás actas en tempo e forma, sobre todo dos</p>



<p><i>"Disminución del porcentaje de actas de evaluación entregadas fuera de plazo"</i></p>	<p>alumnos de 4º curso, pois tiña efectos importantes para a posterior matrícula en Másteres. No curso 2013-2014 non se pechou ningunha fora de prazo.</p>
<p>Informe seguimento: 2012-2013 Acción AM2013-06 <i>"Potenciación de la movilidad exterior"</i></p>	<p>Acción que debe manterse durante varios cursos, dado que acadar convenios para o Grao require un esforzo continuado no tempo. Asemade, o momento máis factible para realizar a mobilidade corresponde ó TFG (na titulación antiga era o PFC onde se centraba o 80% das mobilidades), pero tendo en conta as restriccións que temos nos seus requisitos (é obrigatorio que sexa de deseño para a acreditación nacional e internacional) fai máis difícil atopar universidades que nos garantan este extremo. Non obstante, estanse dando pasos na dirección axeitada; por exemplo, no curso 2014-2015, activóuse por primeira vez convenio con Universidades Norteamericanas, de xeito que dúas alumnas do Grao están a cursar o seu 3º curso na Universidade de Arizona e da Universidade de Maine.</p>
<p>Informe seguimento: 2012-2013 Acción AM2013-07 <i>"Mejora de la calidad lingüística en la docencia impartida en lengua inglesa"</i></p>	<p>Acción pechada. Todo o profesorado que impartiu docencia en inglés no curso 2013-2014 superou o curso que o CLM fixo de forma ad-hoc na ETSE ou posúe un título de nivel igual ou superior ao B2.</p>
<p>Informe seguimento: 2012-2013 Acción AM2013-08 <i>"Apoyo a la estabilización de investigadores-docentes de los programas Ramón y Cajal e Isidro Parga Pondal"</i></p>	<p>O Director do Departamento involucrouse de forma activa como membro do Consello de Goberno da USC na estabilización dos contratados ao abeiro do Programa Ramón y Cajal ou asimilables. Os criterios que defendeu foi que a docencia e a investigación (40% do peso) fosen parámetros para decidir o carácter excedentario ou deficitario dunha área e, polo tanto, a priorización de prazas dentro da USC. Ata o momento estabilizaronse, coas figuras de profesor que a Xunta de Galicia autorizou a USC en cada momento, todos os que foron rematando o seu contrato: (i) Dña Almudena Hospido (Contratada Doutor, 2012), (ii) Dña Marta Carballeira (Profesora Interina de Sustitución), (iii) Praza convocada en resolución de agosto de 2014 para a área de Enxeñaría Química. Queda pendente unha praza de RyC que remata en decembro de 2014 e outra que remata en decembro de 2016.</p>